

Moi persoal

«O AMOR, OU É TOLO OU NON É AMOR. ESE SENTIMENTO MOVE O MUNDO PARA BEN»

O ESCRITOR E XESTOR CULTURAL LUIS VALLE PREPARA NOVO LIBRO E UNHA EXPOSICIÓN DE FOTOPOESÍA

TEXTO: SUSANA RODRÍGUEZ
FOTO: XESÚS PONTE

1. ¿Que é o que máis lle gusta e lle desgusta do seu traballo?

Estou moi a gusto no meu traballo e procuro facelo o mellor que podo. O único, que ás veces se bota de menos máis tempo para estar coas persoas que queres.

2. Se volvese empezar, dedicárase a...

Quizais á astrofísica. Agora dedico unha pequena parte do tempo libre a ler e procurar comprender investigacións de espectroscopía, pero vou moi pouco a pouco.

3. O soño que máis se repite é...

Ao espertar, o que soñei pola noite esvaécese instantaneamente.

4. ¿Estraña algo do que foi deixando atrás?

Non. O que resultou importante está afectuosamente vivo dentro de min, presente na memoria.

5. ¿A quen admira?

Hai aspectos admirables en case todas as persoas que coñezo.

6. ¿Hai algo do que se arrepinta que se poida contar?

Non adoito arrepentirme. Se me equivoco ou molesto a algunha persoa, pido perdón e continuo.

7. ¿Que cita subscribiría?

«¡Ama... ama y ensancha el alma!», que é o título dunha canción de Extremoduro.

8. ¿Que coche ten?

Un Ford Focus do ano 2009.

9. ¿Cal foi o capricho máis caro que mercou?

Quizais unha cámara de fotos...

10. ¿Cal é o seu ben máis prezado?

No seu momento dediquei moito tempo e cartos a crear unha boa biblioteca de traballo, que andará polos 10.000 volumes, case todos primeiras edicións. Teño coleccións de certo interese de poesía, arte, relixión e alquimia. Agora conteño o meu furor bibliófilo por problemas de espazo [rí].

11. Unha toleada feita por amor.



Ou é tolo ou non é amor. Ese sentimento move o mundo para ben.

12. ¿Hai algo que non lle perdoaría á súa parella?

Para perdoar fai falla que a outra persoa desexe o perdón, e igual non é o caso. Á muller á que amo xamais lle tería xenreira nin deixaría de axudala se estivese na miña man. Iso de que do amor ao odio hai un paso, para min é unha solemne estupidez.

13. ¿Teñen algún pacto?

Non, con ter amor, respecto, diálogo e sensibilidade abonda.

14. ¿Envéxalle algo ao outro sexo?

Máis que envexa, admiración. Procuro aprender delas día a día.

15. ¿Que libro ten enriba da mesiña de noite?

¡Moreas! Esta noite estiven lendo 'Ascesis', de Nikos Kazantzakis, e un poemario de Homero Aridjis.

16. ¿Que pecados capitais desculpa?

Sinto indulxencia coa luxuria e a gula.

17. Nunca falta na súa neveira...

Cervexa.

18. Pérdoo un bo...

Encontro cos amigos.

19. Unha prenda que desteste.

Polas súas implicacións, o corsé.

20. As súas mellores vacacións.

Sempre as últimas (Lisboa).

21. A súa viaxe soñada sería a...

Desde California a Tierra del Fuego pola costa do Pacífico.

22. A paisaxe que máis o impresionou foi...

Unha vista da Terra Chá desde un alto na estrada LU-113.

23. ¿E a súa materia pendente?

Moitas, pero non me abafa non ter feito algo, senón non ter gana de intentalo.

«ATA CANDO PINTO OU FOTOGRAFO FAGO POESÍA»

1. Defínese a si mesmo como un traballador cultural. ¿Cal é o mellor xeito de traballar pola cultura hoxe en día en Lugo? Non sei cal é o mellor xeito, pero si que o traballo cultural local fundaméntase no diálogo e debe respostar, cos recursos que haxa, ás necesidades sociais e culturais recoñecidas como tales. Programar é outro conto, é cuestión de equilibrar oportunidade e idoneidade.

2. Das súas múltiples facetas, a

de escritor ocupa un lugar destacado e xa prepara novo libro de poesía. ¿É esta o seu mellor vehículo de expresión?

Sen dúbida. Levo 20 anos escribindo poesía e non só é o xénero no que me sinto máis cómodo, senón que mesmo cando pinto ou fago unha foto fágoo poeticamente.

3. Prepara tamén unha exposición nun novo formato: a fotopoesía. Desvélenos algo...

Creo imaxes inexistentes para falar doutras realidades posibles a través da beleza do instante. Por exemplo, saco unha foto á luz que se proxecta nunha parede e despois levo esa luz sobre unha persoa que nunca estivo aí.